

PROVINCIA

As matriarcas ourensás

Visibilizar o importante papel que desenvolvem as mulleres no rural, onde exercen de coñadoras, traballadoras ou transmisoras da historia e da cultura, foi o obxectivo do Día Internacional da Muller Rural, que na provincia se seguiu con diferentes actos.

REPORTAXE

DELEGACIONES
local@laregion.net

Forte, valente e de carácter. Traballa na casa e fóra dela. Coida dos fillos e dos pais -ás veces, incluso dos que non son os seus- e coñece mellor que ningunha que é iso de "conciliar", pois dende sempre non tivo máis opcións que facelo. Ser unha muller do rural aporta un carácter especial e un xeito de afrontar a vida que, co paso dos anos, vólvese ainda máis valioso. Artistas como Yoseba Muruzábal -que levou a distintos puntos de Galicia, incluído Ourense, a súa serie "Fenómenos do rural"- destacan especialmente as avoas dos pobos e esa "forza real" que lles proporciona o campo e que fai que nada se les resista independentemente da idade que poidan ter.

Este venres conmemorouse o Día Internacional das Mulleres Rurais, unha celebración que en Ourense, unha provincia cunha importante extensión de núcleos rurais, cobrou especial relevancia como así se puxo de manifesto con diferentes iniciativas promovidas desde asociacións de mulleres e centros de desenvolvemento rural. Precisamente, dende o Centro de Desenvolvemento Rural O Viso -dende onde se promoveu unha visita a Parada de Ribeira para coñecer, en primeira persoa, a Dama da Lagoa ou Limuhe, unha escultura feita por Xosé Lois Carrera para homenaxear o empoderamento feminino- aproveitaron para lembrar todo o que significa ser unha muller no rural e o papel dela como coñadora, traballadora e vínculo familiar e de unión.

Do mesmo xeito, en Medeiros de Monterrei quixeron destacar esa contribución deixándola por escrito. En carteis violetas, varias mulleres reflexaron as súas aportacións ao mundo rural: "afouteza", "transmisión da historia", "conservación da lingua e da cultura" ou "soporte e coidados" foron algúns exemplos. "Estamos rodeados e rodeadas de mulleres fortes, valentes



Un grupo de mulleres que, por medio de O Viso, visitou a Dama da Lagoa ou Limuhe.

Descubrindo esculturas, concarteis reivindicativos ou amosando a súa faceta solidaria: Así foi o día da muller rural

e con historias moi persoais dentro da nosa contorna", apuntaron dende Portas Abertas.

SOLIDARIDADE EN ENTRIMO

Como mostra da súa solidariedade e entrega aos demais, a Asociación de Mulleres Rurais de Entrimo conmemorou o seu día doando produtos naturais e colleitas das súas propias hortas a aquelas persoas más necesitadas. "Concientizadas sobre los actuales problemas relacionados con el hambre y también con el medioambiente y también preocupadas por la alimentación y la salud, quisimos aportar nuestro granito de arena a la lucha contra esta necesidad que pasan cada vez más familias, así como mejorar la oferta de productos basados en lo ecológico y en lo artesano. Respetuosos con el medio ambiente, libres de pesticidas, aditivos químicos y sustancias transgénicas", comentaron dende a Asociación de Mulleres Rurais de Entrimo que, cada ano, involucrase ademais noutras iniciati-



Mulleres de Medeiros amosan a súa contribución ao rural.



Mulleres preparan a súa doazón ao Banco de Alimentos.

vas solidarias como a recollida de tapóns ou roupa.

En Padrenda, Boa Vida Rural conmemorou o Día Internacional da Muller Rural cunha merenda-presentation da exposición de debuxos e fotografías que participaron no primeiro certame "Diversas e Rurais" organizado en Pontedevea e Padrenda. A Mancomunidade Terra de Celanova, pola súa ban-

da, escolleu as redes sociais para celebrar esta xornada e visibilizar o labor que leyan a cabo as mulleres dando vida aos pobos.

A Escola Rural de Saúde da Limia, involucrada no empoderamento feminino, puxo en marcha o programa "Mulleres", que percorrerá a comarca dando a coñecer "a importancia das mulleres na construcción da cidadanía do rural". ■

A planta de biometano de Sarreaus, "prioritaria"

REDACCIÓN. SARREAUS
ppalomares@delegaciones.laregion.net

■■■O proxecto para construir unha planta de biometano no Concello de Sarreaus, anunciaido a finais do pasado 2020, ven de ser declarado pola Xunta de Galicia como "iniciativa empresarial prioritaria". Segundo explicaron dende o propio departamento autonómico, esto significa que existen razóns "de interese público" para tramitar de maneira urgente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios a través da Oficina Doing Business creada pola Xunta de Galicia para contribuir á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial. A iniciativa empresarial foi declarada como prioritaria por cumprir dous dos requisitos necesarios, en concreto, polo volume de investimento así como por complementar cadeas de valor

O PROXECTO
EMPRESARIAL TERÁ UN
INVESTIMENTO TOTAL
DE 8,27 MILLÓNS DE
EUROS E XERARÁ 16
POSTOS DE TRABALLO

e pertencer a sectores estratégicos, neste caso o enerxético.

O obxectivo desta iniciativa empresarial é consolidar unha fábrica de producción deste gas renovable que, ao mesmo tempo, impulse a creación de postos de traballo na comarca. Serán, concretamente, 16 empregos, e o investimento total rozará os 8,27 millóns de euros.

Deste xeito e unha vez finalizadas as obras de implantación no concello de Sarreaus, a empresa Bioenerxía Ourense estima ter disponibles 70.000 toneladas ano de materia orgánica, procedente de diferentes empresas agroalimentarias e do sector industrial localizadas en zonas próximas á planta de xeración de biometano. A partir do procesamento desta materia orgánica, producirase unha primeira corrente de biogás, que será posteriormente depurada mediante un proceso de enriquecemento, transformándose nun gas renovable denominado biometano, tamén coñecido como gas natural renovable, que será inyectado no gasoduto de gas natural. ■